



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 13 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 25 NOVEMBRO DE 2021

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Sambade Lloréns (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D. José Vázquez Rama (PP)

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 12 de sesión de pleno ordinario do 28 de outubro de 2021

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 12 de sesión de Pleno ordinario do 28 de outubro de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta núm. 12 de sesión de pleno ordinario do 28 de outubro de 2021 polos membros presentes, cos votos a favor dos concelleiros non adscritos (3), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), D^a María Lago Lestón.

Segundo. Toma de posesión de D^a Maruxa Martínez Romaní como nova concelleira da corporación municipal polo partido Bloque Nacionalista Galego (BNG)

A señora alcaldesa di que unha vez recibida a credencial de concelleira expedida pola Xunta Electoral Central para que tome posesión no Pleno da corporación e unha vez que a interesada asinou a declaración de bens patrimoniais pódese proceder á toma de posesión do seu cargo.

A Sra. Martínez di que por imperativo legal promete cumprir as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Muros e promete lealdade ao rei e gardar e facer a Constitución como norma fundamental do estado.

A señora alcaldesa dálle a benvinda á corporación e afirma que esperan que a súa estadía sexa satisfactoria para todos e todas.

Terceiro. Solicitude de axuda económica para a mellora da área de lecer infantil da avenida Castelao no Concello de Muros

PROPOSTA DE DITAME DA SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA Á DEPUTACION DA CORUÑA PARA A MELLORA DA ÁREA DE LECER INFANTIL DA AVENIDA CASTELAO NO CONCELLO DE MUROS

ANTECEDENTES

1. Breve descrición do ben

O parque está situado entre a estrada AC 550 (a estrada principal que percorre o municipio ao longo da costa) e o mar, nunha zona verde que se pode dicir que é o centro neuráxico da vila de Muros e do seu conxunto histórico.

A súa situación fai que sexa o máis usado pola veciñanza e polos visitantes de Muros, xa que é unha zona de paso obrigatorio, polo que os/as usuarios/as deste parque increméntanse notablemente nas fins de semana e nas vacacións.

Esta infraestrutura está delimitada por un valado de madeira duns noventa centímetros de altura e ten unha superficie duns 1 200 m² distribuídos da seguinte maneira:

- Unha zona axardinada duns 490 m² en formación de noiros de pouca pendente que salvan a diferenza de cota polos ventos sur e oeste, entre o paseo e o plano horizontal do espazo de xogos.*
- Outra zona horizontal duns 710 m² para xogos infantís distribuídos en dous espazos diferenciados polo pavimento; un espazo baleiro cunha soleira de formigón en masa e outro cun pavimento elástico de polímero amortiguador de caucho ligado con resinas.*

Os xogos infantís están conformados con elementos de madeira e metálicos homologados distribuídos en dous grupos de idade: catro randeiras, dúas torres pequenas con tobogán, unha malla para gapear, tres xogos de resorte e un subebaixa).

2. Necesidade da actuación

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A poboación menor de 10 anos no concello é de 500 nenos e nenas, polo que son potenciais usuarios deste proxecto, sen excluír os nenos e nenas que visitan Muros, tanto turistas como veciñanza de Muros que residen noutros lugares da zona, e deberían ter unhas zona de lecer adecuadas e seguras.

A problemática da área de lecer infantil da avenida Castelao xurde de que ao redor das pezas de xogos hai fochancas que cando chove fai que se asolague pola impermeabilidade e compactación do terreo, pero ademais diso tamén hai varios elementos e pezas deteriorados ou que xa non existen, así como herba e musgo na zona que provoca que sexa unha zona esvaradía. Isto ocasiona que algunhas das pezas só se poidan usar en tempo seco. Ademais, moitos dos elementos e pezas de xogo están moi deteriorados polo que supoñen un gran perigo para os nenos e nenas que as utilizan; así mesmo, o valado que delimita o parque está estragado.

Esta actuación é necesaria para mellorar a seguridade dos nenos e nenas que xogan neste parque todos os días e favorecer o xogo seguro, xa que o seu estado actual supón un gran perigo para eles.

3. Interese da necesidade da actuación

Tal e como se indicou anteriormente, o parque está situado entre a estrada AC 550 (a estrada principal que percorre o municipio ao longo da costa) e o mar, nunha zona verde que se pode dicir que é o centro neuráxico da vila de Muros e do seu conxunto histórico.

Os obxectivos do proxecto son a mellora da área infantil e adaptar o espazo funcional segundo o disposto no Decreto 245/2003, de 24 de abril polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís) e, polo tanto, mellorar a seguridade dos nenos e nenas que xogan neste parque todos os días e favorecer o xogo seguro, xa que o seu estado actual supón un gran perigo para eles.

Ademais, Muros foi declarado municipio turístico, isto demostra que é un concello moi visitado, sobre todo no verán. A situación céntrica deste parque fai que sexa o máis utilizado de todo o municipio, tanto pola rapazada da vila e arredores coma por practicamente por todos os nenos e nenas que nos visitan.

Por todo o exposto e, tendo en conta que se trata dunha área necesaria tanto para os nenos e nenas da nosa vila como para os visitantes, e que se atopa situado en pleno casco histórico nun municipio declarado de interese turístico, debemos garantir a súa conservación e a da súa contorna.

4. Actuacións a desenvolver

Concello de Muros, con esta axuda económica da Deputación da Coruña, quere mellorar esta área de lecer infantil non só polo seu desgaste, senón sobre todo pola seguridade dos nenos e nenas deste municipio, e así ao mesmo tempo, queremos adaptar este espazo aos requisitos dispostos no Decreto 245/2003 de 24 de abril polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.

As obras a desenvolver, segundo o proxecto de obra, consisten no seguinte:

- 1. Desmontaxe das pezas de xogos e recorte das zonas do pavimento de caucho deteriorado.*
- 2. Acondicionamento xeral da zona axardinada mediante a poda, corte do céspede, limpeza dos bordos, colocación de terra e sementeira nas zonas erosionadas.*
- 3. Reparación do valado perimetral de madeira mediante a reposición de elementos de suxeición metálicos e revestimento da súa superficie.*
- 4. Reparación das pezas de xogos que se manteñan e montaxe do novo equipamento e pezas de madeira: 3 xogos de resorte individuais, 2 sube e baixa e 1 equipo combinado seguindo o esquema das imaxes.*



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

5. *Substitución das luminarias da iluminación pública en toda a instalación por outras de tecnoloxía LED.*
6. *Recolocación do acceso norte á área infantil mediante unha nova disposición do valado no vento oeste.*
7. *Estendido de pavimento de caucho nas zonas estragadas e aplicación dunha capa de resina de poliuretano coloreada especial para pavimentos de caucho en todo a superficie.*

Para poder realizar esta actuación o Concello de Muros ten plena dispoñibilidade sobre o terreo onde se vai actuar e os correspondentes permisos sectoriais.

5. Xustificación da solicitude da subvención

A urxencia do proxecto vén dada pola necesidade inaprazable de actuar sobre este parque por tres razóns:

- *Para que poida ser usado na súa totalidade polos nenos e nenas do municipio de Muros, non como ata o de agora que só se pode usar parte del, o que ocasiona que sexa moito máis difícil manter as distancias de seguridade esixidas polas diversas normativas para controlar a expansión da COVID-19, xa que ao estar restrinxida polo seu deterioro unha parte da zona de xogos, os/as usuarios/as agrúpanse nunha zona máis pequena, polo que se complica máis poder gardar as distancias de seguridade.*
- *Como xa se comentou, hai diversos elementos de xogo que teñen deficiencias, o que impide que se poidan usar polo risco que supoñen para a seguridade dos nenos e nenas que acoden ao parque, por isto, hai que actuar canto antes nestes puntos de risco.*
- *Muros foi declarado municipio turístico, isto demostra que é un concello moi visitado, sobre todo no verán. A situación céntrica deste parque fai que sexa o máis utilizado de todo o municipio, tanto pola rapazada da vila e arredores coma por practicamente por todos os nenos e nenas que nos visitan.*

Parte do verán pasado, debido ao estado do parque e á COVID 19, o parque estivo pechado, polo que precisamos que esta reforma estea lista antes do verán de 2022, para que tanto rapazada do municipio coma a que nos visitan poidan ter unha zona de xogos adecuada, sen que haxa ningún elemento que poida supor un risco para eles e que nos permita cumprir as medidas de seguridade con respecto á actual situación sanitaria.

6. Orzamento

O orzamento para a realización desta obra na área de lecer infantil da avenida Castela, segundo o proxecto redactado polo arquitecto municipal do 23 de xaneiro de 2020, ascende a un total de 60.503,70 € IVE incluído.

7. Financiamento

O Concello de Muros carece actualmente de falta de crédito e recursos financeiros, tanto propios como alleos, suficientes para poder executar esta obra, precisando de financiamento externo.

Por causa da urxencia descrita para actuar sobre este parque infantil, a súa inclusión no POS+2022 suporía un retraso importante na súa adxudicación, xa que debemos esperar a súa aprobación para iniciar a licitación. Debido a que é preciso actuar o antes posible polo risco que supón o seu uso na actualidade, precisamos a axuda da Deputación para poñer esta instalación infantil en condicións óptimas para que poida ser usado con total seguridade antes do verán de 2022.

Ademais nas diversas liñas de subvencións de concorrencia que a Deputación da Coruña destina anualmente aos concellos da provincia, non hai ningunha liña de axudas na que se poida encaixar esta

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

actuación, ben polo obxecto da intervención a realizar ou polo importe da mesma, e que nos permita realizar a actuación coa urxencia necesaria.

En base a todo isto, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 48.402,96 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, que ascende a cantidade de 60.503,70 €, para poder desenvolver esta actuación.

SEGUNDO. Aprobar o proxecto de obra "Mellora da área de lecer infantil da avenida Castelao, Muros redactado polo arquitecto municipal o 23 de xaneiro de 2020, cun orzamento de execución de 60.503,70 € IVE incluído, e aprobar o modificado redactado polo arquitecto técnico municipal, D. José Antonio Abeijón Muñiz o 16 de novembro de 2021.

TERCEIRO. Designar a alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero, como representante do Concello de Muros ante a Deputación da Coruña para todo o relacionado con esta solicitude de axuda.

A señora alcaldesa di que é a reformulación segundo as indicacións da Deputación da Coruña e dá paso ás intervencións.

Intervén a Sra. González para dicir que xa votaron a favor na comisión informativa e que están de acordo en solicitar axudas a todas as institucións.

Intervén a Sra. Lago para dicir que están a favor dos investimentos que se leven a cabo no concello, máis aínda cando teñen que ver co benestar das máis novas, e entenden que arranxar as deficiencias dunha área de lecer do concello responde a isto, e non lles importa a porta á que teñan que chamar para conseguir financiamento, sexa da Deputación, da Xunta, do goberno central, Bruxelas... nin a cor de quen governe, di que eles van pedir para a nosa terra, aínda que haxa a quen non lle guste... Dentro do pedir, intentan pedir por igual, ser equitativas, e atender ás necesidades de cada quen. Nun dos últimos POS que se solicitaron, o seu grupo xa puxo de manifesto a necesidade do arranxo dos parques do municipio, denunciando o pésimo estado dalgúns deles, nos que o arranxo sen máis non era suficiente. Naquel plan, pedíronselle á Deputación da Coruña 25 mil euros para o arranxo dos parques, e di que o seu grupo quería que fosen máis, e dixeron que lles parecían escasos, pero naquel POS había que meter tamén o aparcamento do Cabo, que ía vir "La Vuelta" e era máis necesario que aparcasen os vehículos dun evento dun día que o arranxo dos parques. Esteiro, Tal, Abelleira, Torea, Serres, Sestaio, Muros e Louro son as 8 parroquias do concello, algunhas delas non conta a día e hoxe cun só parque en condicións. O de San Francisco en Louro supón un auténtico perigo, o Artón en Esteiro arránxano as familias, as madeiras están literalmente podres, no lugar de Serres non bastaba con que os xogos estivesen nun estado lamentable que aínda por riba se foi tirar alí o gasto das obras... e para todos eles, había que repartir 25 mil euros e presentan un proxecto para o arranxo do parque da vila de 60 mil euros, 12.600 € só para mercar un barco de madeira. Xa pode traer peixe fresco todos os días, porque o agravio comparativo co resto de parroquias semella un insulto.

Intervén a Sra. Alfonso que di que quere facer unha pregunta, di que houbo un POS no que se destinaron máis de 50 mil euros para gasto corrente, e a condición era, que parte deses cartos se destinase ao arreglo de parques infantís, polo que pregunta que parte se destinou e a que parques foi destinado. E indica que van a votar a favor da solicitude da axuda e opina que tamén se lle podería pedir á Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Sambade para dicir que se bota en falta saber que pasou con ese gasto corrente.

Intervén a Sra. Quintela para dicir que quere saber que é o que se modificou e por que motivo.

A señora alcaldesa di que os parques están todos arranxados e dedicóuselle unha partida de 40 mil euros, polo que os invita a darse unha volta por eles. Di que o proxecto iniciouse en xaneiro do 2020 pero foise adiando por diversas cuestións e pediron unha serie de cuestións técnicas que se fixo neste momento e di que cumpren os requisitos que piden. E dá paso ás segundas intervencións.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Lago para dicir que non van poñer nunca en contra de que se arranxe o parque da vila, pero cren que é necesario e que son moitos os cativos que van a diario xogar alí, mais agardan que sente precedente, que se a vila merece un barco, Esteiro merece un avión, e Louro un tren, e Abelleira unha nave espacial, e Serres pode facer de Estación Intermodal, pero todas as crianzas do noso municipio merecen unha área de lecer segura e en condicións nas que poder pasar tempo ao aire libre, independentemente de onde vivan.

Intervén a Sra. Alfonso para dicir que non lle contestou á pregunta do gasto corrente.

Intervén a Sra. Sambade para dicir que lles gustaría que lles contestera.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 48.402,96 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, que ascende a cantidade de 60.503,70 €, para poder desenvolver esta actuación.

SEGUNDO. Aprobar o proxecto de obra "Mellora da área de lecer infantil da avenida Castelao, Muros redactado polo arquitecto municipal o 23 de xaneiro de 2020, cun orzamento de execución de 60.503,70 € IVE incluído, e aprobar o modificado redactado polo arquitecto técnico municipal, D. José Antonio Abeijón Muñiz o 16 de novembro de 2021.

TERCEIRO. Designar a alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero, como representante do Concello de Muros ante a Deputación da Coruña para todo o relacionado con esta solicitude de axuda.

Cuarto. Solicitude de axuda económica para o acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

PROPOSTA DE DITAME DA SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO LAVADOIRO DO CHALÓN

ANTECEDENTES

1. Breve descrición do ben

A vila de Muros foi declarada Conxunto Histórico en 1970 caracterizándose polo seu entramado medieval e polos seus numerosos elementos arquitectónicos que testemuñan a súa orixe gótica.

A vila foi fundada, no século XIII polo rei Sancho IV o Bravo, sendo circundada no ano 1520 por unha muralla chapada en pedra de entre tres e catro metros de grosor que alcanzaba os sete metros de altura, e que dividía a poboación en dous barrios: o da Cerca e o da Xesta.

O lavadoiro tradicional do "Chalón" atópanse situado en pleno casco histórico da vila, no espazo baleiro que quedaba entre os dous barrios amurallados, constrúese aproveitando o caudal dun pequeno regato que pasa pola zona do mesmo nome.

Neste contexto hai que ter en conta que a auga sempre estivo vinculada intimamente á cultura tradicional e valorada como a riqueza dos pobres. O aproveitamento da auga polas persoas deu lugar en Galicia á unha arquitectura propia chamada arquitectura da auga. Entre estas construcións destacan as fontes, os

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

lavadoiros, as canles e muíños, vinculadas a unha maneira de vida que se desvanece e que por esa mesma razón é urxente protexer para conservar.

Estas construcións tradicionais, sempre integradas na paisaxe e no entorno que os rodea, son exemplos dunha arquitectura sen autor coñecido, obras que foron realizadas por canteiros locais, nas que se empregaron materiais do país e solucións sinxelas, dando lugar a construcións humildes e prácticas pero que se converteron en sinal de identidade do patrimonio etnográfico e inmaterial por ser lugares con significado e valores recoñecibles que é preciso protexer.

Os lavadoiros foron de vital importancia para a vida diaria conformaban un espazo de socialización feminino, posto que era o lugar de traballo das lavadeiras e tamén un ámbito no que se difundían as noticias da aldea ou vila, facíanse confidencias e poñíase en práctica a solidariedade entre as mulleres. Nestes lugares as mulleres cantaban para atraer aos mozos solteiros, que eran obxecto de bromas e chanzas. Tamén era un lugar de xogos para os nenos e nenas.

Estes lavadoiros tiñan unha alta apreciación social por ser imprescindibles para a vida diaria e o uso doméstico, polo tanto a maior parte das veces a súa construción e mantemento era comunal.

Os substanciais cambios sociais derivados das formas de vida da actualidade producen, especialmente no ámbito rural, o abandono e, en moitos casos, a destrución destas formas vernáculas, producindo a perda do valor cultural de elementos como as propias fontes e lavadoiros. Aínda así, quedan veciños e veciñas no noso concello que fan uso dos lavadoiros.

2. Necesidade da actuación

O lavadoiro do Chalón é unha estrutura en bo estado de conservación formada por unha pía de pedra e cuberta de formigón. O teito de formigón, construído a finais dos anos 70 fora de ordenación, está suxeito por pilares de moi baixa calidade que rompen a estética do propio lavadoiro e da súa contorna. E ante o mal estado deste e dos piares que o suxeitan, o Concello pretende derrubalo para así poder conservar o lavadoiro, pois se a cuberta de formigón chegase a desprenderse, suporía a desaparición total deste ben. E tendo en conta que se trata dunha construción dun gran valor etnolóxico e patrimonial para a nosa vila, debemos garantir a súa conservación e a da súa contorna, así como debemos fomentar a súa potenciación como recurso turístico no noso municipio.

Ademais, é moi importante para nós evitar danos que puidera causar á veciñanza que circula/pasea pola zona e aínda utilizan os pozo para lavar, no canto de se producir o derrube deste teito.

3. Actuacións a desenvolver

As actuacións a desenvolver para conseguir estes dous obxectivos consisten en:

1. Retirar a cuberta de formigón, a tella rota e os pilares tamén de formigón que a soportan.
2. Instalar peitorís perimetrais ao longo do lavadoiro e instalar unha escaleira de pedra.
4. Orzamento

O orzamento para a actuación Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón - Muros, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira de camiños canles e Portos, Rebeca Ferreiro Núñez do 30 de setembro de 2020, ascende a un total de 15.000,00 € IVE incluído.

5. Financiamento

O Concello de Muros carece actualmente de crédito para poder realizar esta intervención e co fin principal de protexer e recuperar o noso patrimonio cultural e etnográfico. Debido a finalidade e ao importe do



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

investimento, o Concello de Muros non pode acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrència competitiva, e en especial ao Plan único do POS+

En base a todo isto, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 12.000,00 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, que ascende a cantidade de 15.000,00 €, para poder desenvolver a actuación.

SEGUNDO. Aprobar o proxecto de obra “Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón – Muros”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira de camiños canles e portos, Da. Rebeca Ferreiro Núñez do 10 de novembro de 2021, cun orzamento de execución de 15.000,00 € IVE incluído.

TERCEIRO. Designar á alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero como representante do Concello de Muros ante a Deputación da Coruña para todo o relacionado con esta solicitude.

A señora alcaldesa di que están ante o mesmo caso ca o anterior e xa se tratou no pleno, pero hai que traer o proxecto actualizado, polo que dá paso ás intervencións.

Intervén a Sra. González para dicir que xa votaron a favor na comisión e di que é unha obra moi demandada pola veciñanza, e que é unha obra importante, necesaria e urxente polo seu estado.

Intervén a Sra. Lago para dicir que no pleno no que se aprobou esta obra, que se refire á retirada do tellado do lavadoiro do Chalón, xa manifestaron que lles parecía que a obra quedaba curta, que xa que se actuaba se podía levar a cabo a restauración dos lavadoiros. Non van dicir moito máis que o que xa dixeron, unha obra necesaria, si, pero lembran que 8 parroquias, non só o que cada un temos a porta da casa.

Intervén a Sra. Alfonso para dicir que polo que viu consiste en sacarlle o tellado ao lavadoiro.

A señora alcaldesa contesta que si, que ten a enfermidade do ferro e é un perigo para a veciñanza.

A Sra. Alfonso di que concorda co dito, que é necesario e urxente.

Intervén a Sra. Sambade para dicir que está totalmente de acordo.

Intervén o Sr. Quintela para dicir que tamén está de acordo e que senón perdoaran unha licenza á Xunta de Galicia xa terían os cartos para iso.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar unha subvención económica á Deputación da Coruña por un importe de 12.000,00 €, o que supón unha axuda do 80% do orzamento total da actuación, que ascende a cantidade de 15.000,00 €, para poder desenvolver a actuación.

SEGUNDO. Aprobar o proxecto de obra “Acondicionamento da contorna do lavadoiro do Chalón – Muros”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira de camiños canles e portos, Da. Rebeca Ferreiro Núñez do 10 de novembro de 2021, cun orzamento de execución de 15.000,00 € IVE incluído.

TERCEIRO. Designar á alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero como representante do Concello de Muros ante a Deputación da Coruña para todo o relacionado con esta solicitude.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Quinto. Aprobación e modificación de diversas ordenanzas fiscais para a implantación de medidas de bonificación fiscal e supostos de non suxeición sobre determinados tributos

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron o 17 de outubro de 2017 un protocolo xeral de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

A cláusula segunda do protocolo establece diversos compromisos dos concellos que recollen medidas de incentivos fiscais sobre o IBI, IAE, ICIO e taxas de prestación de servizos urbanísticos e pola apertura de establecementos.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28.10.2021, acordou a adhesión expresa do Concello de Muros a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia – FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business de Galicia”.

O 16.11.2021 a Secretaría e Tesourería deste Concello emitiron informes conxuntos sobre o procedemento de modificación e aprobación das correspondentes ordenanzas, considerando especialmente que na actualidade o Concello de Muros non ten publicada ningunha ordenanza fiscal reguladora do IAE.

O 16.11.2021 a Intervención Municipal emite informe favorable.

Constan no expediente as propostas sobre aprobación e modificación das ordenanzas afectadas, así como os borradores dos textos definitivos para a súa publicación.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en base a todo isto esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas do Concello de Muros, coa redacción que a continuación se transcribe:

“Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas

Artigo 1. Fundamento legal.

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 78 a 91 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Muros establece a regulación do Imposto sobre actividades económicas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e, no que non estea previsto pola mesma, polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 2. Bonificacións.

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A bonificación concederáse a petición do interesado, por tres exercicios orzamentarios, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario da mesma. A devandita bonificación quedará sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concedeu a mesma.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023 e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

SEGUNDO. *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles do Concello de Muros, remunerando os seus artigos e engadindo un 3º artigo que contempla as bonificacións, resultando a ordenanza coa redacción que a continuación se transcribe:*

"Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

Artigo 1. Fundamento legal.

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Muros establece a regulación do Imposto sobre bens inmobles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e,



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

no que non estea previsto pola mesma, polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 2. Tipo de gravame.

O tipo de gravame será:

1. Imposto sobre ben inmobles:

IBI de natureza urbana. Tipo impositivo: 0,50%

2. Imposto dobre bens inmobles de natureza rústica

IBI de natureza rústica. Tipo impositivo: 0,30%

Coeficiente para a obtención do valor base usado para a redución da base imponible aplicable ás construcións situadas en solo rústico: 0,7

3. Imposto sobre bens inmobles de características especiais.

IBI inmobles especiais. Tipo impositivo: 1,30%

Artigo 3. Bonificacións.

Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A bonificación concederase a petición do interesado, por tres exercicios, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario da mesma. A devandita bonificación quedará sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concedeu a mesma.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023 e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

TERCEIRO. *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, modificando o artigo 4.8.1 en relación á bonificación por fomento do emprego, resultando a ordenanza coa redacción que a continuación se transcribe:*

“Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible do imposto a realización no termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control lle corresponda ao Concello de Muros

Artigo 2. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. A estes efectos terá a consideración de dono quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 3. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

2 A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame seguinte:

a) Base imponible inferior a 150.000,00 euros: 2%.

b) Base imponible igual ou superior a 150.000,00 euros: 2,50%.

3. O imposto devéngase ó se inicia-la construción, instalación ou obra aínda que se non se obtivera a correspondente licencia.

Artigo 4. Xestión do imposto e bonificacións.

1. O imposto esixírase en réxime de autoliquidación.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ao efecto pola Administración Municipal no modelo normalizado que se axunta como anexo 1 e abonala nas contas habilitadas ao efecto polo Concello de Muros.

No caso de expedientes susceptibles de outorgamento de licenza de obras ou urbanísticas, efectuarase o pago da autoliquidación dentro do prazo máximo de un mes contado a partir do momento no que lle foi notificada a concesión da licenza de construción, instalación ou obra.

No caso de expedientes iniciados mediante presentación de declaración responsable ou comunicación previa, os suxeitos pasivos acompañarán xunto a esta documentación xustificante de autoliquidar o imposto e ingresar o seu importe.

3. A data de ingreso inicia o cómputo do prazo de prescrición de catro anos que da dereito á devolución do importe abonado mediante autoliquidación.

4. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base impositiva do tributo, en función do presuposto achegado polos interesados, sempre que estivese visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

5. No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento de presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores e no prazo de un mes a contar desde a data na que se notifique a aceptación da modificación.

6. Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o seu custo real e efectivo sexa superior ou inferior ó que serviu de base impositiva nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda, no modelo normalizado que se recolle no anexo 2. As autoliquidacións practicaranse en impreso que facilitará a Administración Municipal, debendo acompañarse fotocopia do DNI ou CIF do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

7. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o Concello tendo en conta a obra realizada e o seu custe real e efectivo, previa comprobación, poderá modificar a base impositiva a que se refiren os apartados anteriores, establecendo a obriga de presentar a correspondente autoliquidación complementaria positiva ou negativa no prazo de un mes desde o momento en que se lle notifique a resolución municipal.

8. Bonificacións.

8.1. De conformidade co artigo 103.2.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración:

a) Construcións, instalacións e obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario, bonificación do 75% (75 por 100).

b) Construcións, instalacións e obras promovidas por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e destinadas a fins ou actividades non lucrativas que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal, bonificación do 75% (75 por 100).



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

c) Construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social, bonificación do 95% (95 por 100).

d) Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As bonificacións concederanse a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza de obra, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de seis meses.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude de bonificación deberá presentarse antes do inicio da construción, instalación ou obra, e, en todo caso, deberá obterse a concesión antes de practicar a autoliquidación provisional.

8.2. Unha bonificación de o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire no apartado 8.1 deste artigo.

Artigo 5. Inspección e recadación.

A inspección e recadación do imposto será consonte ó que prevé a Lei xeral tributaria e as súas disposicións complementarias.

Artigo 6. Infracción e sancións.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

No tocante á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que correspondan por aquelas, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e as súas disposicións complementarias.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e permanecerá vixente mentres non se produza a súa modificación ou derogación expresa."

CUARTO. Expor ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

QUINTO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SEXTO. O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, tácito ou expreso, publicarase xunto co texto íntegro da mesma para o seu coñecemento xeral no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

A señora alcaldesa explica as modificacións e dá paso ás intervencións.

Intervén a Sra. González e sinala que se abstiveron na comisión informativa porque querían ler máis polo miúdo esa norma, e parécelles moi normal que se fixera un soporte legal despois de adherirse ao programa. Di que están de acordo con bonificar aos emprendedores e di que está moi ben que as empresas queiran situarse no concello por estas bonificacións e a creación de postos de traballo que para eles é importantísimo, polo que van a votar a favor.

A Sra. Lago di que antes ca nada, quere sinalar que na documentación que se enviou sobre o ditame da comisión informativa aparece recollido o voto favorable do BNG, cando neste punto se abstiveron. E como xa dixeron, a modificación destas ordenanzas responde ao acordo do pleno do mes pasado de adherirse á iniciativa de "Concellos Doing Bussiness". Dixérono daquela, precisamente nese punto, e volven a repetilo, fáltanlles datos e análises para valorar o impacto económico que estas medidas van ter no concello. Non puideron votar a favor da adhesión o mes pasado precisamente por non ter datos suficientes para valorar como ía repercutir a modificación destas ordenanzas na estabilidade económica municipal, seguen sen ter eses datos, polo que seguen sen poder votar a favor, di que para eles é unha cuestión de responsabilidade, non poden darlle o si a algo que non saben como vai afectar porque dende o concello non se elaborou nin tan sequera unha simulación comparativa con algún exercicio anterior, polo que non van votar a favor.

A Sra. Alfonso sinala cuestións que bota en falta no informe de Intervención, que haxa un estudo do posible impacto destas bonificacións, e di que por outra banda, xa preguntou no pleno da adhesión ao programa se a bonificación das taxas pola prestación de servizos urbanísticos e apertura de establecementos que a adhesión deixa como voluntaria pero nada con respecto ás taxas polo que pregunta se vai quedar así, e por último di que con respecto á modificación do IBI que é unha pena que non inclúa unha baixada deste coma a Sra. Monteagudo pedira no mandato anterior e coma eles comezaran a facer baixando ao 0,5 na urbana e ao 0,3 na rústica, e quedaba pendente baixar a urbana, e di que polo demais van a votar a favor da proposta porque é unha obriga derivada da adhesión.

A Sra. Sambade di o mesmo ca a Sra Alfonso e non ten máis que engadir.

O Sr. Quintela pregunta por que baixan a contribución, xa que cando estaban na oposición chegaron a traer unha rebaixa ao 0,4.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa indica que con respecto ao sinalado pola Sra. Lago que non é posible facer unha simulación porque é descoñecido ou indeterminado o número de propostas que se poden presentar, que o ano pasado houbera unha ou dúas, non quere dicir que para o seguinte haxa as mesmas. E di que en canto ás valoracións da Sra. Alfonso e do Sr. Quintela están falando de bonificacións do IBI para iniciativas emprendedoras, non se formula modificar as taxas, e dilles que en canto a baixada do IBI que eles poden presentar unha proposta coma antes fixeran eles. E dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. Lago di que unha simulación é algo tan doado como coller os datos dun exercicio anterior.

A Sra. Alfonso di que claro que saben que poden presentar unha proposta para reducir o IBI, que a farán, e así verán se realmente teñen vontade de baixalo.

O Sr. Quintela afirma que polo que ve non o formularon.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e abstención do grupo municipal do BNG (2) adopta por maioría o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron o 17 de outubro de 2017 un protocolo xeral de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

A cláusula segunda do protocolo establece diversos compromisos dos concellos que recollen medidas de incentivos fiscais sobre o IBI, IAE, ICIO e taxas de prestación de servizos urbanísticos e pola apertura de establecementos.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28.10.2021, acordou a adhesión expresa do Concello de Muros a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia – FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia, mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business de Galicia".

O 16.11.2021 a Secretaría e Tesourería deste Concello emitiron informes conxuntos sobre o procedemento de modificación e aprobación das correspondentes ordenanzas, considerando especialmente que na actualidade o Concello de Muros non ten publicada ningunha ordenanza fiscal reguladora do IAE.

O 16.11.2021 a Intervención Municipal emite informe favorable.

Constan no expediente as propostas sobre aprobación e modificación das ordenanzas afectadas, así como os borradores dos textos definitivos para a súa publicación.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas do Concello de Muros, coa redacción que a continuación se transcribe:

"Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas

Artigo 1. Fundamento legal.

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 78 a 91 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Muros establece a regulación do Imposto sobre

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

actividades económicas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e, no que non estea previsto pola mesma, polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 2. Bonificacións.

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A bonificación concederáse a petición do interesado, por tres exercicios orzamentarios, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario da mesma. A devandita bonificación quedará sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concedeu a mesma.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023 e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles do Concello de Muros, remunerando os seus artigos e engadindo un 3º artigo que contempla as bonificacións, resultando a ordenanza coa redacción que a continuación se transcribe:

“Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Artigo 1. Fundamento legal.

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Muros establece a regulación do Imposto sobre bens inmobles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e, no que non estea previsto pola mesma, polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e as súas disposicións complementarias.

Artigo 2. Tipo de gravame.

O tipo de gravame será:

4. Imposto sobre ben inmobles:

IBI de natureza urbana. Tipo impositivo: 0,50%

5. Imposto dobre bens inmobles de natureza rústica

IBI de natureza rústica. Tipo impositivo: 0,30%

Coefficiente para a obtención do valor base usado para a redución da base imponible aplicable ás construcións situadas en solo rústico: 0,7

6. Imposto sobre bens inmobles de características especiais.

IBI inmobles especiais. Tipo impositivo: 1,30%

Artigo 3. Bonificacións.

Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A bonificación concederase a petición do interesado, por tres exercicios, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario da mesma. A devandita bonificación quedará sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concedeu a mesma.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023 e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

TERCEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, modificando o artigo 4.8.1 en relación á bonificación por fomento do emprego, resultando a ordenanza coa redacción que a continuación se transcribe:

“Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible do imposto a realización no termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control lle corresponda ao Concello de Muros

Artigo 2. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. A estes efectos terá a consideración de dono quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 3. Base imponible, cota e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

2 A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame seguinte:

a) Base imponible inferior a 150.000,00 euros: 2%.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

b) Base imponible igual ou superior a 150.000,00 euros: 2,50%.

3. O imposto devéngase ó se inicia-la construción, instalación ou obra aínda que se non se obtivera a correspondente licencia.

Artigo 4. Xestión do imposto e bonificacións.

1. O imposto esixírase en réxime de autoliquidación.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado ao efecto pola Administración Municipal no modelo normalizado que se axunta como anexo 1 e abonala nas contas habilitadas ao efecto polo Concello de Muros.

No caso de expedientes susceptibles de outorgamento de licenza de obras ou urbanísticas, efectuarase o pago da autoliquidación dentro do prazo máximo de un mes contado a partir do momento no que lle foi notificada a concesión da licenza de construción, instalación ou obra.

No caso de expedientes iniciados mediante presentación de declaración responsable ou comunicación previa, os suxeitos pasivos acompañarán xunto a esta documentación xustificante de autoliquidar o imposto e ingresar o seu importe.

3. A data de ingreso inicia o cómputo do prazo de prescrición de catro anos que da dereito á devolución do importe abonado mediante autoliquidación.

4. A autoliquidación presentada terá carácter provisional e determinarase a base imponible do tributo, en función do presuposto achegado polos interesados, sempre que estivese visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

5. No caso de que se modifique o proxecto e houberse incremento de presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores e no prazo de un mes a contar desde a data na que se notifique a aceptación da modificación.

6. Unha vez finalizadas as obras, no caso de que o seu custo real e efectivo sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible nas autoliquidacións anteriores, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización, autoliquidación complementaria do tributo, positiva ou negativa, segundo proceda, no modelo normalizado que se recolle no anexo 2. As autoliquidacións practícaranse en impreso que facilitará a Administración Municipal, debendo acompañarse fotocopia do DNI ou CIF do suxeito pasivo, así como certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

7. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o Concello tendo en conta a obra realizada e o seu custe real e efectivo, previa comprobación, poderá modificar a base imponible a que se refiren os apartados anteriores, establecendo a obriga de presentar a correspondente autoliquidación complementaria positiva ou negativa no prazo de un mes desde o momento en que se lle notifique a resolución municipal.

8. Bonificacións.

8.1. De conformidade co artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

a) Construcións, instalacións e obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario, bonificación do 75% (75 por 100).

b) Construcións, instalacións e obras promovidas por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e destinadas a fins ou actividades non lucrativas que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal, bonificación do 75% (75 por 100).

c) Construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social, bonificación do 95% (95 por 100).

d) Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.

- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As bonificacións concederanse a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza de obra, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de seis meses.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Muros de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A solicitude de bonificación deberá presentarse antes do inicio da construción, instalación ou obra, e, en todo caso, deberá obterse a concesión antes de practicar a autoliquidación provisional.

8.2. Unha bonificación de o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire no apartado 8.1 deste artigo.

Artigo 5. Inspección e recadación.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A inspección e recadación do imposto será consonte ó que prevé a Lei xeral tributaria e as súas disposicións complementarias.

Artigo 6. Infracción e sancións.

No tocante á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que correspondan por aquelas, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e as súas disposicións complementarias.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e permanecerá vixente mentres non se produza a súa modificación ou derogación expresa.”

CUARTO. Expor ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

QUINTO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SEXTO. O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, tácito ou expreso, publicarase xunto co texto íntegro da mesma para o seu coñecemento xeral no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sexto. Adhesión á iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar ,ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixodemanda.

Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

En base a todo isto esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

A Adhesión do Concello de Muros á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP núm. 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE."

A señora alcaldesa explica a proposta e dá paso ás intervencións.

Intervén a Sra. González que di xa votaron a favor na comisión informativa e que van votar a favor porque están totalmente de acordo.

A Sra. Lago di que antes de nada queren dar o seu apoio á iniciativa Xabarín, para a que o seu grupo colaborou na recollida de sinaturas. E di que aplauden que sexa o propio goberno municipal quen traia esta petición ao pleno, a saber, como di o texto: "Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixodemanda. Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App." E di que non van poñer nin unha soa traba, pero lembran que a PNP-001472, aprobada por unanimidade polo parlamento de Galiza, e presentada polo BNG, contempla:

"1º.- Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, adsl e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2º.- Reclamar do Goberno de España que dentro do marco das súas competencias promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3º.- Instar o goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de Lei Xeral de Comunicación Audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova Lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda."

4º.- Así mesmo o Parlamento insta o goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias".

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

E remata dicindo que na defensa da nosa lingua están ante quen haxa que estar, e se llo reclaman e o fan público ante o goberno do estado, con máis forza aínda ante o goberno galego, que deberá ser o principal axente que vele pola defensa da nosa lingua propia.

A Sra. Alfonso di que está totalmente de acordo con calquera medida que axude á nosa lingua.

A Sra. Sambade di que tamén está de acordo e que o Xabarán fixo máis pola nosa lingua que moitas campañas publicitarias de moitas administracións.

O Sr. Quintela di que lle parece ben calquera iniciativa de promoción e defensa do noso idioma.

A señora alcaldesa di que non entende moi ben a intervención do BNG e di que a proposta que traen é formulada pola Mesa de Normalización Lingüística e que non están facendo ningún tipo de matiz.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO

A Adhesión do Concello de Muros á Iniciativa Xabarán do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP núm. 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

Séptimo. Declaración Institucional con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que querían traer con acordo da comisión informativa pero non foi posible pola ausencia dos/as concelleiros/as non adscritos/as. A proposta é do seguinte teor literal:

“Con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, que se conmemora cada 25 de novembro desde o ano 2000, queremos manifestar a nosa máis enérxica repulsa contra esta lacra que afecta a todos os estratos da sociedade e a toda a poboación, sen importar a idade ou calquera outra condición.

Como recorda cada ano a Organización de Nacións Unidas, a violencia contra as mulleres é unha das violacións de dereitos humanos máis xeneralizadas, persistentes e devastadoras do mundo; pero tamén é a forma máis extrema de discriminación, con graves consecuencias físicas, económicas e psicolóxicas sobre as mulleres a curto e longo prazo, que lles impiden participar plenamente e en condicións de igualdade na sociedade.

Por iso, tal día como hoxe, queremos lembrar a todas as vítimas falecidas por violencia de xénero, aos seus familiares e a todos aqueles que sofren as consecuencias destes ataques aos dereitos fundamentais que, por lei, ten todo ser humano. E en especial queremos lembrar a Mónica, muller galega asasinada o pasado mes de setembro a mans da súa parella.

Son máis de 1.000 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas só polo feito de ser mulleres desde que se comezaron a contabilizar nas estatísticas estatais no ano 2003. E a elas hai que sumarlles as fillas e fillos asasinados e os que quedaron orfos, así como os seus familiares e amigos, marcados de por vida por esta lacra.

Tamén queremos recordar ás mulleres que seguen sufrindo en silencio calquera forma de maltrato, e especialmente ás máis vulnerables, como as mulleres vítimas de trata e explotación sexual, as menores de idade, as mulleres de idade avanzada ou as mulleres con discapacidade. Vítimas de calquera violencia: física, sexual, económica, psicolóxica, vicaria ou dixital.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Porque todas son vítimas é necesario que teñan ese recoñecemento e amparo legal. De feito, Galicia leva a dianteira e a súa normativa é moito máis ampla que a estatal no recoñecemento da violencia sexual, os abusos sexuais e o acoso sexual como formas de violencia de xénero, incluídos na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Pero a Comunidade galega tamén foi pioneira en incluír a violencia vicaria na súa lexislación, para recoñecer como tal a exercida sobre unha muller a través do homicidio, asasinato ou outra forma de violencia que implique aos seus seres queridos coa finalidade de causarlle o maior dano por parte de quen fora a súa parella ou mantivera unha relación con ela.

E tamén traballamos por incluír a violencia dixital para perseguir as condutas violentas exercidas a través das novas tecnoloxías. Fitos históricos que contan co acordo de todos os grupos parlamentarios e políticos na nosa Comunidade e que afianzan os alicerces dunha sociedade igualitaria entre mulleres e homes: libre de toda violencia de xénero.

A prioridade é seguir traballando para erradicar todas as formas de violencia contra a muller porque somos conscientes de que, a pesar dos avances alcanzados, queda aínda camiño por percorrer.

E para iso resulta imprescindible a coordinación entre institucións, co fin de lograr unha resposta máis rápida e eficaz a todos os niveis, aprofundando en piares básicos como a concienciación, a formación, a información e a reprensión social.

Pero a mensaxe máis importante nun día coma o de hoxe é que hai saída da violencia de xénero e que ningunha muller está soa. Seguimos comprometidos e sumando esforzos nesta loita.

En base a todo isto esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. *Proposta da Declaración Institucional con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero."*

A señora alcaldesa di que o día de hoxe é un día dramático e nun mundo ideal isto non debería suceder pero sucede acotío, e como sociedade e institucións hai que ter unha actitude proactiva, firme de rexeitamento a este tipo de violencia que é do que se trata nesta proposta, e dá paso ás intervencións.

A Sra. González afirma que están totalmente de acordo coa declaración institucional e que ogallá non tiveran que traer ningunha declaración con respecto á violencia de xénero, e gustaríalle que esta declaración fose aprobada por todos e todas e que se puidese acabar con esta lacra.

A Sra. Lago di que na comisión falouse de que se podían enviar modificacións, e di que eles enviaron unha, e ven que non está reflectida na moción, e non entenden por que non se tomou en conta.

A Sra. Alfonso di que por desgraza a violencia de xénero existe, todos os días do ano, e hoxe é un día dedicado a visibilizalo. Indica que lle parece ben a declaración e que non é o momento nin o tema para entrar en leas políticas.

A Sra. Sambade sinala que ela está totalmente de acordo.

O Sr. Quintela di que non ten nada que engadir.

A señora alcaldesa di que a Sra. Lago si mandou o correo pedindo suprimir o párrafo que di que en Galicia inclúese na súa lexislación a violencia vicaria e a violencia dixital, e dado que na comisión informativa non estaba os membros non adscritos, decidiron traela tal e como a formularon, e di que non teñen problema en suprimir os parágrafos, se con iso van a conseguir a unanimidade, e di que non entenden por que non se pode pór neste texto un acordo unánime do Parlamento, e dá paso ás segundas intervencións.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. González di que lles vale calquera declaración que faga visible esta lacra e non se van a meter no texto.

A Sra. Lago di que vai explicar o motivo de supresión dos parágrafos, porque cren que non é este o día de poñelos, non negan que sexan logros, pero non é o momento de presumir.

A Sra. Alfonso di que ela vai a votar a favor con ou sen modificación.

A Sra. Sambade di que non cre que sexa o momento das modificacións, que vai a votar a favor independentemente de que se elimine ou non.

O Sr. Quintela non ten nada que engadir.

A Sra. Lago di que se retiran eses puntos teñen o voto favorable.

A señora alcaldesa volve a dicir que non teñen problema en retirar eses dous puntos xa que consideran prioritario formar un fronte común contra a violencia de xénero.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta por unanimidade o seguinte:

ANTECEDENTES

Con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, que se conmemora cada 25 de novembro desde o ano 2000, queremos manifestar a nosa máis enérxica repulsa contra esta lacra que afecta a todos os estratos da sociedade e a toda a poboación, sen importar a idade ou calquera outra condición.

Como recorda cada ano a Organización de Nacións Unidas, a violencia contra as mulleres é unha das violacións de dereitos humanos máis xeneralizadas, persistentes e devastadoras do mundo; pero tamén é a forma máis extrema de discriminación, con graves consecuencias físicas, económicas e psicolóxicas sobre as mulleres a curto e longo prazo, que lles impiden participar plenamente e en condicións de igualdade na sociedade.

Por iso, tal día como hoxe, queremos lembrar a todas as vítimas falecidas por violencia de xénero, aos seus familiares e a todos aqueles que sofren as consecuencias destes ataques aos dereitos fundamentais que, por lei, ten todo ser humano. E en especial queremos lembrar a Mónica, muller galega asasinada o pasado mes de setembro a mans da súa parella.

Son máis de 1.000 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas só polo feito de ser mulleres desde que se comezaron a contabilizar nas estatísticas estatais no ano 2003. E a elas hai que sumarles as fillas e fillos asasinados e os que quedaron orfos, así como os seus familiares e amigos, marcados de por vida por esta lacra.

Tamén queremos recordar ás mulleres que seguen sufrindo en silencio calquera forma de maltrato, e especialmente ás máis vulnerables, como as mulleres vítimas de trata e explotación sexual, as menores de idade, as mulleres de idade avanzada ou as mulleres con discapacidade. Víctimas de calquera violencia: física, sexual, económica, psicolóxica, vicaria ou dixital.

Porque todas son vítimas é necesario que teñan ese recoñecemento e amparo legal.

A prioridade é seguir traballando para erradicar todas as formas de violencia contra a muller porque somos conscientes de que, a pesar dos avances alcanzados, queda aínda camiño por percorrer.

E para iso resulta imprescindible a coordinación entre institucións, co fin de lograr unha resposta máis rápida e eficaz a todos os niveis, afondando en piares básicos como a concienciación, a formación, a información e a reprensión social.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Pero a mensaxe máis importante nun día coma o de hoxe é que hai saída da violencia de xénero e que ningunha muller está soa. Seguimos comprometidos e sumando esforzos nesta loita.

ACORDO:

ÚNICO. Proposta da Declaración Institucional con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.

Oitavo Aprobación definitiva da Conta Xeral do exercicio 2020

Intervén a señora alcaldesa para dicir que este punto consta co ditame favorable da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

“CONTA XERAL DO 2020

A Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2020 informada pola Intervención foi sometida á informe da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 13 de outubro de 2021.

Ditaminada con carácter favorable, someteuse á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 198 de 18 de outubro de 2021.

O prazo de información pública e alegacións rematou a o 9 de novembro de 2021.

Conta no expediente certificación da Secretaría do Concello, no que se acreditará que no período de exposición público, dende o 19 de outubro ao 9 de novembro de 2021, non se presentaron alegacións ou reclamacións á Conta Xeral do exercicio económico 2020.

Visto todo o anterior propónse ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. *Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2020, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:*

Expresión	Importe €
Activo	25.710.749,84
Pasivo	25.710.749,84
Resultado corrente do exercicio (aforro)	771.012,31
Resultado Orzamentario axustado	318.207,76
Remanente de Tesourería Total	1.439.437,60
Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada)	150.834,62
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.057.125,96
Aforro bruto	757.842,29
Aforro bruto axustado	754.828,21
Aforro neto	620.977,25
Aforro neto axustado	617.963,17

SEGUNDO. *Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.”*

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. González di que non vai intervir.

A Sra. Lago di que se aproba a conta do 2020 en novembro de 2021, pouco máis e xa traen xuntas as de 2020 e de 2021.

A señora alcaldesa di que a conta xeral hai que traela antes de que remate o exercicio.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), e a abstención do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte:

CONTA XERAL DO 2020

A Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2020 informada pola Intervención foi sometida á informe da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 13 de outubro de 2021.

Ditaminada con carácter favorable, someteuse á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 198 de 18 de outubro de 2021.

O prazo de información pública e alegacións rematou a o 9 de novembro de 2021.

Conta no expediente certificación da Secretaría do Concello, no que se acreditará que no período de exposición público, dende o 19 de outubro ao 9 de novembro de 2021, non se presentaron alegacións ou reclamacións á Conta Xeral do exercicio económico 2020.

Visto todo o anterior o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2020, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

Expresión	Importe €
Activo	25.710.749,84
Pasivo	25.710.749,84
Resultado corrente do exercicio (aforro)	771.012,31
Resultado Orzamentario axustado	318.207,76
Remanente de Tesourería Total	1.439.437,60
Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada)	150.834,62
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.057.125,96
Aforro bruto	757.842,29
Aforro bruto axustado	754.828,21
Aforro neto	620.977,25
Aforro neto axustado	617.963,17

SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A. Mocións de urxencia

Noveno. Mocións de urxencia presentada polo BNG sobre a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza

A Sra. Lago explica que a urxencia vén dada porque a votación dos orzamentos xerais do Estado tivo lugar e non se puido presentar en tempo e os da Xunta de Galicia votaranse nas vindeiras semanas.

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións sobre a urxencia.

Intervén a Sra. González para dicir que eles cren que non é urxente.

Intervén a Sra. Alfonso para dicir que ela considera que é urxentísimo.

Intervén a Sra. Sambade para dicir que ela tamén o considera urxente.

O Sr. Quintela di que el tamén.

A señora alcaldesa di que eles tampouco aprecian a urxencia porque os orzamentos xerais do Estado xa están aprobados.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), coa abstención do grupo municipal socialista (4), e os votos en contra do grupo municipal popular (3), aproba a urxencia da moción.

Intervén a Sra. Lago e le a exposición de motivos e os acordos que propoñen que son do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante estos días estanse a debater no seo do Parlamento do Estado Español os Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2022, que reflectiran os investimentos que se levarán a cabo por parte do Goberno Central.

En este proceso, dende o Bloque Nacionalista Galego levamos a debate unha emenda a ditos orzamentos que atinxe directamente á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, da cal o concello de Muros forma parte, consistente na adquisición de unha maquina volteadora para a planta de Servia, necesaria para unha óptima elaboración e estabilización do compost producido no complexo medioambiental da Mancomunidade. A adquisición de esta maquinaria permitiría mellorar considerablemente os niveis de reciclaxe de materia orgánica, axudando así a acadar os obxectivos marcados na Estratexia Europea de cara ao ano 2030.

Os obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020 situaban no 50% a taxa de reciclaxe e compostaxe de residuos sólidos urbanos no ámbito municipal, máis a taxa en Galiza sitúase por debaixo do 20%, moi lonxe de cumprir coas indicacións marcadas dende Bruxelas. Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenrolado a súa función, así como mellorar as taxas que se acadan, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas por Comisión Europea neste senso.

Pese a isto, temos que lamentar que dita emenda fose rexeitada durante o debate dos orzamentos, e a axuda económica dende o estado non chegará durante o ano 2022.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Máis durante as vindeiras semanas terá lugar o debate dos Orzamentos Xerais da Xunta, no que será presentado a mesma emenda, pois a necesidade de investimento segue presente.

O compromiso coa viabilidade do complexo medioambiental Serra do Barbanza e coas mais de 150 persoas que alí traballan debe ser claro e contundente, como se aprobou no seu momento por este mesmo pleno municipal.

Por todo o exposto, propoñemos para o seu debate e aprobación se procede o seguinte:

ACORDO:

Instar aos distintos grupos con representación no Parlamento de Galicia a apoiar a emenda presentada aos Orzamentos 2022 da Xunta de Galicia que recolle o investimento para unha pala volteadora para a estabilización e elaboración de compost para a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza.

A Sra. Lago di que esta emenda presentouna o BNG no parlamento do estado e a mesma emenda vaise levar aos orzamentos da Xunta de Galicia, e queren que dende o Concello se inste aos grupos do parlamento para que a apoiem.

A Sra. González indica que se están de acordo en instar ao parlamento galego nalgo que é beneficioso para o Concello de Muros e para a Mancomunidade de lixo coa que hai moitos problemas.

A Sra. Alfonso di que isto é moi necesario, xa que hai tempo que hai que cambiar a máquina volteadora de Servia, di que hai tempo que se lle leva pedindo axuda á Xunta de Galicia para salvar e poder manter a planta de Servia, e única axuda que reciben é a través do Fondo de Compensación Ambiental, polo que non é unha implicación real, e cre que a necesita, xa que os resultados desta planta son moi bos, polo que vai votar a favor.

A Sra. Sambade di que non vai a votar en contra polos mesmo motivos que dixo a Sra. Alfonso.

O Sr. Quintela indica que todo o que sexa financiamento para a adquisición de maquinaria parécelle correcto e pregunta se o concello recibiu unha carta da Consellería de Medio Ambiente sobre o incumprimento do tratamento de residuos na Mancomunidade Serra do Barbanza.

A señora alcaldesa di que non, que só recibiron un informe que elabora o Ministerio de Transición Ecolóxica, polo que queren introducir unha modificación na que instaría ao Ministerio de Transición Ecolóxica a elaborar un informe sobre a viabilidade do sistema de recollida de lixo da Mancomunidade Serra do Barbanza e de SOGAMA.

A Sra. Lago di que non ten ningún inconveniente en incluír a emenda xa que é mellorable, e di que a carta chegou aos concellos que forman parte da Mancomunidade, non aos que forman parte de Sogama.

A Sra. González pregunta se esta modificación é unha condición ou se é unha adhesión, e a señora alcaldesa di que é unha adhesión.

A Sra. Alfonso di que entende que a solicitude deste informe é se vai cumprir a normativa, e di que si reconece que o sistema e planta son mellorables ao igual ca outros sistemas de tratamento de lixo que reciben axudas, e di que a ela lle gustaría que a planta de Servia recibise as mesmas axudas que Sogama, e así igual lle ía mellor, pero como depende exclusivamente da achega dos concellos e das axudas de concurrencia competitiva, e igual lle ía ir mellor e o informe de viabilidade sería máis favorable.

A señora alcaldesa di que non están falando sobre a viabilidade da planta senón da viabilidade do sistema.

A Sra. Alfonso di que se o informe de viabilidade detecta algún problema, que sirva para melloralala, e non para liquidala.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que a Sra. Alfonso tivo a oportunidade de mellorar a planta cando estivo na presidencia e di que é necesario mellorar na xeración de residuos, no concello hai unha elevadísima xeración de residuos, e supón que calquera sistema vai ter problemas de sostibilidade e a normativa europea que vai entrar en vigor é bastante exixente e vai ser difícil cumprir co que se pide, e require que a cidadanía e a industria e empresa se conciencie, e se reduzan os embases. Son cuestións que escapan desta misión, e xa verán o que vai pasando.

O Sr. Quintela di que non se esperaba que xerara este debate o artigo e di que a Sra. Lago apunta ben, todo isto vai sobre as porcentaxe de reciclado, e si lle gustaría que inclúan a viabilidade do sistema Sogama, porque este sistema está moito máis lonxe que o sistema Servia, no que se refire á reciclaxe.

A Sra. Lago di que isto xa se tiña que ter feito hai 5 anos, e parécelle ben un informe do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Instar aos distintos grupos con representación no Parlamento de Galicia a apoiar a emenda presentada aos Orzamentos 2022 da Xunta de Galicia que recolle o investimento para unha pala volteadora para a estabilización e elaboración de compost para a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza.

SEGUNDO. Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a elaborar un informe sobre a viabilidade do sistema de recollida de lixo da Mancomunidade Serra do Barbanza e de SOGAMA.

B. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Décimo. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1071/2021 do 01/10/2021 ata o núm. 1210/2021 do 29/10/2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 25 do 8 do outubro de 2021 e núm. 26 do 22 do outubro de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

A señora alcaldesa sinala que a dación de contas das resolucións e das xuntas de goberno local do mes de outubro.

Décimo primeiro. Rogos e preguntas

A Sra. alcaldesa dá paso aos rogos e preguntas:

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González di que pediron no último pleno que se arranxara unha pedra e que hai na rúa Ancha que inda está sen arranxar.

Pregunta polo pagamento dos atrasos dos trienios dos traballadores, e a señora alcaldesa contesta que os que se van calculando vanse aboando.

A Sra. González pregunta cal é a orde de pagamento, por antigüidade ou por contía, e a señora alcaldesa contesta que estanse pagando dende o 1 de xaneiro e os trienios a medida que os van recoñecendo.

A Sra. González roga que se comece a podar pola rúa do Cabo xa que as follas atascan os sumidoiros, e pregunta se pode seguir facendo preguntas a Sra. Maneiro.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Maneiro di que no paseo de Louro ata fronte o Enxebre as táboas móvense moito e que non é fiable pasear por encima, e a señora alcaldesa di que xa faláron con Costas do Estado e que mandaron un enxeñeiro porque o problema é estrutural, non é cuestión de mantemento.

A Sra. Maneiro pregunta se se fixo algunha revisión na base dos GES porque necesitan material e algunha modificación, e a señora alcaldesa di que se fixo alí algunha obra de mellora.

A Sra. González roga que na saída da Abelleira cara a Tal, a estrada está no aire, e a señora alcaldesa di que foron de Costas revisalo e que din que non hai ningún problema.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago pregunta que está a ocorrer coas prazas de médico do centro de saúde de Muros. Especialmente unha delas, a que corresponde a un dos médicos que levaba moitos anos no seu posto, dende que xa non está non ten médico fixo, agora mesmo nin tan sequera ten médico, cos problemas que xera para un bo seguimento dos pacientes, e a señora alcaldesa contesta que trasladará a pregunta xa que non é unha cuestión na que teñan competencia.

A Sra. Lago roga que se limpe e roce o camiño que vai dende a Lavandeira ata o colexio de Louro, polo que todos os días teñen que pasar varios nenos e nenas para ir ao colexio.

A Sra. Lago di que lles fixeron chegar veciñanza do Campo do Rollo unha petición para a colocación de algún punto de apoio na canella que leva ata alí, pois o tránsito é complicado e xa se teñen dado varias caídas. Entendemos que é unha zona na que se pode meter Patrimonio e haberá que estudar a mellor solución, pero rogan que atendan á petición e se coloquen algún punto de apoio que facilite o tránsito.

A Sra. Lago sinala que a Casa da Sociedade de Esteiro mete auga por varios puntos, e roga que o arranxen.

A Sra. Lago di que varios particulares fixéronlles chegar a información de problemas derivados en erros no PXOM, no seu momento o PXOM foi un grande avance e totalmente necesario, pero non puido ser perfecto, como todo, e contempla erros, e roga que o concello faga todo o posible por colaborar con estas persoas para solucionar os erros que poida haber.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso pregunta cal é o período medio de pagamento a provedores do 3º trimestre do ano 2021.

A Sra. Alfonso pregunta se se subscribiu o préstamo bancario de máis de 270 mil euros, e a señora alcaldesa contesta que polo momento non.

A Sra. Alfonso pregunta polos ingresos da piscina municipal no que vai de ano.

A Sra. Alfonso di que falando do Orzamento 2021 hai unha previsión de ingresos na partida 420.80 dalgo máis de 400 mil euros procedentes de transferencias correntes do estado, polo que pregunta que cantidade vai ingresada polo momento.

A Sra. Alfonso pregunta se vai haber este ano Acendendo o Nadal, e a señora alcaldesa contesta que van a utilizar outra fórmula.

Pregunta se vai haber cabalgada de Reis, e a señora alcaldesa contesta que si pero depende da situación epidemiolóxica.

A Sra. Alfonso di que no decreto 1104/2021 fai unha rectificación de xeración de crédito e pregunta cal é o motivo.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Alfonso di que había creada unha mesa interinstitucional contra a violencia de xénero, e quere saber se segue funcionando, e a señora alcaldesa di que durante a pandemia non se fixeron ningún tipo destas reunións.

A Sra. Alfonso pregunta se hai algunha novidade da empresa que fai a xestión do lixo, e a señora alcaldesa di que a presidencia tena Carnota e que polo momento non se inicio ningún trámite nese sentido.

A Sra. Alfonso di, por último, que hai familias do concello de Muros e do concello de Outes que están solicitando ou se puxeron en contacto cun problema que hai co transporte público para que os seus fillos e fillas poidan ir a clases a Noia, polo que pregunta se hai algún avance, e a señora alcaldesa contesta que se puxeron en contacto coa Dirección Xeral de Mobilidade para trasladarlle esta problemática e teñen intención de buscar unha solución.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade di que roga que se poden as árbores que hai fronte ao colexio de Valdexería.

A Sra. Sambade pregunta pola fórmula que se vai aplicar para a decoración de Nadal, e a señora alcaldesa responde que de momento non lle pode contestar porque lle están dando forma.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.